

**P.A.T.**

**( PLAN DE ACCIÓN TITORIAL )**

**Informado polo Claustro: 27/06/2019**

**Aprobado pola dirección: 27/06/2019**

**ÍNDICE**

1)	<b><u>INTRODUCCIÓN</u></b>	<b>4</b>
2)	<b><u>MARCO LEXISLATIVO</u></b>	<b>6</b>
3)	<b><u>DISTRIBUCIÓN DE FUNCIONS E RESPONSABILIDADES NA ACCIÓN TITORIAL</u></b>	<b>7</b>
4)	<b><u>OBXECTIVOS</u></b>	<b>14</b>
5)	<b><u>DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL</u></b>	<b>17</b>
6)	<b><u>ASPECTOS METODOLÓXICOS</u></b>	<b>36</b>
7)	<b><u>AVALIACIÓN</u></b>	<b>40</b>

**ANEXOS**

- 1) Normas entradas e saídas
- 2) Normas control de acceso.
- 3) Normas familias.
- 4) Xustificación faltas alumnado.
- 5) Control uso servizos.
- 6) Control semanal de asistencia.
- 7) Autorización para recoller o alumnado.
- 8) Autorización para marcharse do centro.
- 9) Normas primeiro día de clase.
- 10) Índices críticos en relación ao plan de convivencia.
- 11) Parte de incidencias informáticas.
- 12) Protección de datos.
- 13) Guión reunión de principio de curso.
- 14) Uso da imaxe
- 15) Carpetas titoriais

**EDUCACIÓN INFANTIL**

- Calendario actividades titoriais.

- Características alumnado 3 anos
- características alumnado 4 anos.
- Características alumnado 5 anos.
- Pautas estimulación da linguaxe.
- Acta reunión titoria aula.
- Cuestionario familias comezo de curso 3 anos.
- Parte incidencias alumnado.
- Parte accidentes alumnado.
- Solicitud entrevista familias.
- Solicitud entrevista profesorado.
- Cuestionario titor avaliación psicopedagóxica.

### 1º E 2º PRIMARIA

- Calendario actividades titoriais.
- Características alumnado 6 anos
- características alumnado 7 anos.
- Características alumnado 8 anos.
- Normas aula.
- Técnicas de estudo
- Parte incidencias alumnado.
- Parte accidentes alumnado.
- Solicitud entrevista familias.
- Solicitud entrevista profesorado.
- Acta información familias de promoción.
- Cuestionario titores avaliación psicopedagóxica.

### 3º E 4º PRIMARIA

- Calendario actividades titoriais.
- Características alumnado 8 anos
- características alumnado 9 anos.
- Características alumnado 10 anos.
- Normas aula.
- Técnicas de estudo

- Parte incidencias alumnado.
- Parte accidentes alumnado.
- Solicitud entrevista familias.
- Solicitud entrevista profesorado.
- Acta información familias de promoción.
- Cuestionario titores avaliación psicopedagóxica.

### 5º E 6º DE PRIMARIA

- Calendario actividades titoriais.
- Características alumnado 10 anos
- características alumnado 11 anos.
- Características alumnado 12 anos.
- Normas aula.
- Técnicas de estudo
- Parte incidencias alumnado.
- Parte accidentes alumnado.
- Solicitud entrevista familias.
- Solicitud entrevista profesorado.
- Acta información familias de promoción.
- Cuestionario titores avaliación psicopedagóxica.

### OUTROS DOCUMENTOS DO CENTRO

- Achegas ao Plan de Acollida e Plan lector.

## **1- INTRODUCCIÓN**

Para a elaboración do presente Plan de Acción Titorial (de aquí en diante, PAT), téñense en conta por un lado, os principios, obxectivos e valores recollidos no noso Proxecto Educativo (de aquí en diante PE), e por outro, as características do noso alumnado.

Á hora de elaborar este P.A.T, temos como punto de partida a concepción dunha **educación inclusiva** que ten como propósito acadar o máximo desenvolvemento posible de todo o alumnado en convivencia cos seus iguais e cos demais membros da comunidade educativa; é por iso que falar de inclusión educativa supón identificar, eliminar ou minimizar, no seu caso, as barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais de determinados alumnos e alumnas en determinados momentos, poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro ou na aula.

Todo isto require un proceso continuo de planificación e implementación de procesos de innovación e mellora no centro educativo, para ofrecer unha educación de calidade que garanta a igualdade de oportunidades a todo o alumnado (equidade), e que conte coa colaboración de todos os compoñentes da comunidade educativa.

Baseámonos nunha **escola inclusiva** entendida como aquela que se apoia na convicción de que todo o alumnado pode aprender cando se lle outorgan as oportunidades de aprendizaxe axeitadas, somos quen de estimular as capacidades e responsabilidades sociais, temos a capacidade de planificar e acompañar na transición dunha etapa educativa á outra, dun nivel a outro, traballando en colaboración coas familias e con outros membros da comunidade e aplicando plans de formación persoal.

Este P.A.T ten como obxectivo fundamental a titorización de todos e cada un dos alumnos e alumnas. Está destinado a todo o profesorado e en particular ao profesorado titor, xa que a lei establece que “A titoría e orientación dos alumnos formará parte da acción docente” (Decreto 374/96 –Cap. V- Artigo 80.1).

O Plan de Acción Titorial irá incluído no Plan de Acción do Departamento de Orientación do centro segundo establece o Decreto 120/96 polo que se regula a Orientación Educativa en Galicia (23/04/98,

DOG do 27/04/98) e no Regulamento **Orgánico das Escolas de** Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, título III, cap. V, artigos 80 e 81.

Partimos dos obxectivos explicitados no noso PE, onde está recollido que “cada profesor ou profesora desenvolverá, ademais das súas tarefas docentes específicas, a acción titorial sobre un grupo de alumnos/as de xeito que teña continuidade ao longo de cada curso”.

Podemos considerar ao profesorado titor como aquel que se fai cargo dun grupo de alumnos/as para conseguir que o ensino-aprendizaxe (tanto a nivel individual como grupal), sexa o máis eficaz posible, debendo coñecer ben ao seu alumnado (a nivel de desenvolvemento evolutivo, medio socio-familiar...), así como ao resto dos profesionais que imparten clase no seu grupo. Procurarase asignar ao profesorado titor o maior número posible de horas de docencia co seu grupo de alumnos/as, e entre as súas funcións destaca:

- Levar a cabo o Plan de Acción Titorial.
- Coñecemento das características persoais e individuais do seu alumnado.
- Levar rexistros de asistencias, avaliacións e boletíns de notas.
- Seguir o proceso académico de cada alumno e alumna.
- Dirixir a aprendizaxe do alumnado axudándolles a superar as dificultades coas que se atopen.
- Programar, no seu caso, e coordinar actividades.
- Orientar ao alumnado no seu proceso educativo.
- Informar ás familias sobre a avaliación persoal, desenvolvemento psicosocial no centro e rendemento académico.
- Estimular a participación do seu alumnado nas actividades educativas.
- Asistir ás reunións dos distintos equipos docentes, colaborando cos seus respectivos coordinadores.

Por último salienta o respecto que nos merece a iniciativa do profesorado titor e por isto consideramos que este PAT non pretende substituír dita iniciativa, senón facilitar a súa labor nuns campos considerados básicos na titoría co grupo-clase e por iso propónse un plan aberto (coa posibilidade de incluír ou prescindir de diferentes elementos segundo as necesidades detectadas), práctico (con propostas concretas de actividades para realizar na aula), flexible (que permita variacións

temáticas e de temporalización) e participativo.

O contexto no que se desenvolverá este PAT, será o recollido no Proxecto Educativo de centro (ver PE)

## **2- MARCO LEXISLATIVO.**

A acción titorial foi recollida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), artigos 18 e 91. A LOE-LOMCE, no seu artigo 91, establece entre as funcións do profesorado “a titoría do alumnado, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo”. Tamén inclúe como funcións “a orientación académica e profesional deste alumnado; e a información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas e a orientación para que estas cooperen no mesmo”. Especifica que o documento que recollerá as directrices para levar a cabo a acción titorial, será o PE.

O Decreto 105/2014, polo que se establece o currículo da EP na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 17, sinala que, “o profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos/as...”. Ademáis, que, “cada grupo de alumnos e alumnas terá un profesor/a titor/a designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos”.

O Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 10 e 11, que, “cada grupo de alumnado contará cun titor ou titora que desenvolverá tarefas relacionadas coa organización, participación e control”; “a persoa responsable da titoría manterá actividades periódicas para intercambiar información....”.

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP, no seu artigo 34 establece, como funcións do xefe de estudos, “coordinar e orientar a acción dos titores de acordo con P.A.T”; no artigo 62, como funcións da CCP, “velar para que a elaboración do proxecto curricular da etapa e o P.A.T se realice segundo os criterios establecidos polo Claustro”; e no artigo 81, como funcións dos titores, “participar no desenvolvemento do P.A.T e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos”.

O Decreto 120/98 do 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 6 expón que, “os departamentos de orientación desenvolverán as súas funcións en aqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional e terán as seguintes competencias: elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional e o P.A.T dos centros.”

O Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, no artigo 6, “potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado”.

O Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece, no seu artigo 8, punto 4, “velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos P.A.T e de atención á diversidade do centro”; e no artigo 11, “a elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son: o plan xeral de atención á diversidade e o P.A.T”.

A Orde do 22 de xullo de 1997, no capítulo VI punto 5, concreta os criterios de asignación das titorías e establece “o mestre titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo...”; “serán funcións propias do titor as indicadas no artigo 81 do R.O.C das escolas de infantil e dos colexios de educación primaria”.

A Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específicas para alumnado procedente do estranxeiro, no artigo 6, establece que, “os centros educativos aos que se refire o artigo 3, recollerán nos seus plans de orientación e da acción titorial, actuacións deseñadas especificamente para o seu alumnado procedente do estranxeiro...”.

A Orde do 23 de novembro de 2007, que regula a avaliación da EP en Galicia, destaca igualmente a importancia do titor/a. Este/a realizará unha avaliación inicial ao comezo de cada ciclo (o primeiro mes), coordinará as sesións de avaliación, informará ás familias e mesmo primará o seu criterio ao decidir sobre a promoción dos seus titorandos. Actualmente, coa desaparición dos ciclos en EP, esta avaliación inicial realízase a principio de cada curso.

### **3- DISTRIBUCIÓN DE FUNCIÓN E RESPONSABILIDADES NA ACCIÓN TITORIAL.**

#### FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DA LABOR TITORIAL

FUNCIÓNS DO EQUIPO DIRECTIVO	<p>A persoa directora designará ás persoas coordinadoras titoras. (artigo 20, e do D.324/1996).</p> <p>O titor ou titora será designado polo director ou directora por proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe ou xefa do Departamento de orientación, entre os profesores/as que impartan docencia a todo o grupo (artigo 58 do Decreto 324/1996)</p>
	<p>O Xefe ou Xefa de Estudos coordinará e orientará a acción dos titores, coas aportacións, se é o caso, do Departamento de Orientación e de acordo co plan de orientación académica e profesional e do plan de acción titorial. (artigo 31.f do D.324/1996)</p>
	<p>Promover a dinamización do grupo-clase e contribuír á elaboración, posta en práctica e revisión do PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T) do noso centro.</p>

FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	COA DIRECCIÓN DO CENTRO
	<p>Elaboración do Plan de Acción Titorial, seguindo as directrices que marque a Comisión de Coordinación Pedagóxica, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.</p>
<p>Circular10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación</p>	

<p>Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.</p> <p>Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.</p> <p>(art.10.b Infantil e Primaria)</p>	<p><b>CO PROFESORADO</b></p>
	<p>Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (P.A.T), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.</p>
	<p>Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.</p>
	<p><b>CO ALUMNADO</b></p>
	<p>Ofrecerlle unha orientación co fin de facilitar a súa evolución persoal e o desenvolvemento dunha personalidade madura; orientalo e asesoralo sobre as posibilidades académicas.</p>
	<p>Realizar unha orientación que permita que o alumnado aprenda a tomar decisións con responsabilidade.</p>

<p>COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA</p>	<p>Será a planificación, seguimento e desenvolvemento da acción titorial. (artigo 77.2.d do D. 324/1996)</p> <p>Velar para que a elaboración do Plan de orientación académica e</p>
--	---

	profesional e o plan de acción tutorial se realice conforme ós criterios establecidos polo claustro. (ver: artigo 77.2.b do D. 324/1996)
--	--

COMPETENCIAS DO CLAUSTRO DE PROFESORES/AS	Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas ( ver: artigo 46.j do D. 324/1996)
---	---

FUNCIONES DO TUTOR/A	CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
	Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
	Colaborar co departamento de orientación no marco dos proxectos educativos e curricular de centro.
	Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
	CO EQUIPO DIRECTIVO
	Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
	Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais e nais ou tutores e ao xefe/a de estudos.
	CO ALUMNADO
Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a	

	través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
	Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, programacións e criterios de avaliación do grupo.
	Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
	Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
	Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
	Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas.
	Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
	Atender aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
	Informar ao alumnado do grupo de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
	COA FAMILIA

	<p>Proporcionarlles no principio de curso, ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.</p>
	<p>Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.</p>
	<p>Informar aos pais e nais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.</p>
	<p>Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e das súas fillas.</p>
	<p>Facilitar a cooperación educativa entre o alumnado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.</p>
	<p style="text-align: center;"><b>CO PROFESORADO</b></p>
	<p>Informar ao equipo de persoal docente do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.</p>
	<p>Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.</p>
	<p>Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.</p>
	<p>Colaborar no desenvolvemento e potenciación das capacidades básicas do alumnado</p>
	<p>Colaborar co profesorado titor no marco dos proxectos educativos</p>

	e curricular de centro.
	Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
	Informar ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
	Atender aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
	Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
	CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO I.E.S.
	Colaborar co D.O. do I.E.S. nos termos que estableza a Xefatura de Estudos.

#### 4- OBXECTIVOS.

##### Obxectivos Xerais:

- ◆ Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- ◆ Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

- ◆ Avaliación inicial do alumnado e seguimento do seu proceso escolar.
- ◆ Facilitar unha-resposta educativa axustada ás necesidades do alumnado, articulando as oportunas medidas de apoio e reforzo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ◆ Integrar tanto ao alumnado como o profesorado na dinámica do Centro, especialmente ao de nova incorporación.
- ◆ Concretar as accións a realizar co alumnado para fomentar a adquisición de habilidades e destrezas básicas, métodos de estudio e estratexias de aprendizaxe.
- ◆ Favorecer a cooperación e interrelación dos membros da comunidade educativa.
- ◆ Establecer criterios e procedementos para a organización da función tutorial.

## **2.1. Educación Infantil.**

Tanto na Educación Infantil, como na Educación Primaria, a acción orientadora concíbese como unha parte integrante da acción educativa global, pero nesta etapa é máis evidente a conexión entre a función docente e a función tutorial do profesorado. Neste nivel a función do profesorado tutor está encamiñada cara á atención individualizada do/da neno/a. Por iso propoñemos os seguintes obxectivos:

### **2.1.1. Obxectivos en relación co alumnado.**

- ➔ Relacionarse cos demais e adquirir pautas elementais de convivencia e relación social, así como o exercicio da resolución pacífica de conflitos.
- ➔ Facilitar que os nenos e nenas elaboren unha imaxe positiva de si mesmos e adquiran autonomía.
- ➔ Adquirir a competencia para aprender a aprender.
- ➔ Fomentar hábitos de lectura entre o alumnado.

### **2.1.2. Obxectivos en relación ao grupo-clase.**

- ➔ Promover habilidades sociais básicas para unha boa convivencia.
- ➔ Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, favorecendo a convivencia positiva.

- ➔ Fomentar, no grupo-clase actitudes de participación, colaboración e cooperación co seu entorno sociocultural e natural.

### **2.1.3. Obxectivos en relación co profesorado que intervén no grupo.**

- ▶ Respetar as normas de convivencia do centro así como aos compañeiros/as, profesorado e demais membros da comunidade educativa.
- ▶ Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades específicas de apoio educativo, co obxecto de artellar respostas educativas adecuadas e recabar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.
- ▶ Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- ▶ Adecuar as programacións ás características do alumnado especialmente daqueles que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- ▶ Contribuír a desenvolver liñas comúns de acción co resto de profesorado.

### **2.1.4. Obxectivos en relación coas familias**

- ➔ Implicar ás familias en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e das súas fillas.
- ➔ Contribuír ao establecemento de relacións fluídas entre as familias e o centro educativo.
- ➔ Informar ás familias de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e das súas fillas.

## **2.2. Educación Primaria.**

A partir das funcións titoriais recollidas no Decreto 374/1996, marcámonos os seguintes obxectivos dos que, en liñas xerais, derivan as funcións do profesorado titor:

### 2.2.1. Obxectivos en relación co alumnado.

- Coñecer as características persoais (pedagóxicas, psicolóxicas, curriculares, ...), contextuais (tanto a nivel familiar como escolar) de cada un dos nosos/as alumnos/as.
- Facilitar a súa integración e adaptación ao grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Recoller todos os datos e informacións que axuden ao seu mellor desenvolvemento.
- Velar polo progreso individual do alumnado respectando os procesos de madurez persoal e de desenvolvemento e construción da propia identidade.
- Realizar unha orientación educativa que propicie a toma de decisións de xeito responsable, por parte do noso alumnado.
- Identificar e previr posibles dificultades de aprendizaxe, realizando un seguimento global dos procesos de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Formar ao alumnado sobre o uso seguro do internet.
- Fomentar hábitos de lectura entre o alumnado.
- Impulsar o emprego de técnicas que favorezan o seu rendemento académico, así como ensinalles a organizar o seu tempo de estudio e de lecer.

### 2.2.2. Obxectivos en relación co grupo-clase.

- ✓ Regular e reconducir as interaccións sociais que se dean no grupo-clase de xeito que se cree un ambiente propicio para a aprendizaxe.
- ✓ Fomentar a cooperación, a solidariedade e o traballo en grupo respectando as normas.
- ✓ Favorecer a convivencia positiva dentro do grupo-clase.
- ✓ Desenvolver valores e fomentar a colaboración, a axuda mutua, e o respecto aos demais.
- ✓ Realizar o seguimento das aprendizaxes básicas.
- ✓ Dar a coñecer as N.O.F.C e os criterios de avaliación (só nos cursos que van de 3º a 6º de EP).

### 2.2.3. Obxectivos en relación co profesorado que intervén no grupo.

- ➔ Coordinar o proceso avaliador e asesorar na promoción de curso e etapa.
- ➔ Favorecer a coordinación entre o profesorado que imparte docencia no mesmo grupo de

alumnos e de alumnas, en relación coa programación, organización da aula, liñas comúns, etc.

➔ Coordinar a acción orientadora ou tutorial no seu grupo.

#### **2.2.4. Obxectivos en relación coas familias.**

- Favorecer unhas relacións fluídas familia-centro educativo—implicando as familias na educación dos seus fillos.
- Suxerir actividades de intervención familiar para unha mellor integración do/da alumno/a no contexto escolar.
- Fomentar a participación das familias en aquelas actividades que sexan de interese a súa colaboración.
- Dar a coñecer ás familias os criterios de avaliación e promoción, así como aqueles aspectos das normas de funcionamento dos centros e do PE que se consideren necesarios para unha mellor labor tutorial.
- Informar ás familias sobre o uso seguro do internet.
- Favorecer a realización de reunións coas familias para informar do funcionamento e organización da aula.

## **5- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL.**

**DESENVOLVEMENTO DO P.A.T. EN EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO)**

Temporalización		Bloques temáticos/temáticas	Actividades tipo	Recursos materiais e humanos
setembro		Acollida ás familias	Reunión colectiva/individual coas familias	Guión da reunión e materiais de apoio
		Acollida (ás familias).	Entrevista inicial coa familia ( individual)	Modelo de entrevista
1º trimestre	Ao inicio do curso	Coñecemento do grupo-clase	Revisión do expediente (se o houberse).	Expedientes do alumnado
		Dinámica de integración no grupo. Intervención se fose necesario.	Actividades que faciliten a adaptación e integración na aula.	Plan de acollida Materiais de apoio (en carpeta de actividades titoriais)
	Ao longo de todo o curso ( especialmente no 1º Trimestre)	Organización da aula	Normas de convivencia e de uso de espazos e materiais	Carpeta de titoría
		Organización do centro	Organización da evacuación do centro.	Plan de evacuación

2º trimestre	Febreiro (antes da reserva de praza)	Acollida (ás novas familias do alumnado de tres anos).	Xornada de portas abertas	Plan de acollida
3º trimestre	xuño	Acollida (ás novas familias de 3 anos).	Reunión colectiva coas familias	Guión da reunión e materiais de apoio
	xuño	Acollida ás familias/ alumnado	Xornada de convivencia do novo alumnado de 3 anos	Plan de acollida
Ao longo de todo o curso		Acollida ás familias.	Informacións periódicas	Notas informativas
		Coñecemento do grupo-clase ( a nivel individual e a nivel colectivo)	-Observación das condutas manifestadas de tipo motórico, emocional, ...	Rexistros e escalas de observación.  Cumprimentación do expediente
		Dinámica de integración no grupo. Intervención se fose necesario	-Realización de xogos e actividades que fomenten as actitudes integradoras e participativas.	Carpeta .  Xogos grupais para a interacción.  Busca e identificación de cualidades.  Interpretación de papeis e cambio de roles.
		Dinámica de	Intervención a nivel	Carpeta .

		integración no grupo. Intervención se fose necesario	de dinámica de grupo e de integración grupal.	De actividades titoriais:  Xogos grupais para a a interacción.  Busca e identificación de cualidades.  Interpretación de papeis e cambio de .roles.
		Potenciación do proceso educativo	Promover actividades de experimentación no neno/a a través do uso responsable dos espazos e material dispoñible.	Informacións por parte do/ da titor/a no relativo ao uso de espazos materiais.  Material colectivo da aula  espazos da aula.
		Desenvolvemento da madurez e crecemento persoal (autoestima, habilidades sociais, educación na igualdade de xénero)	Xogos e actividades que fomenten a comunicación, participación e a integración.	Carpeta de actividades titoriais e ademais:  -Xogos dirixidos con materiais (corda, pelota)  - Xogos concretos( pita cega, agachadas,...)

				-traballos grupais ( murais, collage,...)  -uso colectivo de obxectos propios.
	Potenciación do proceso educativo	Actividades tendientes a afianzar de hábitos de autonomía e coidado de si mesmo	Destrezas e habilidades co vestido  Aseo en xeral orden na aula	
	Potenciación do proceso educativo	Actividades tendientes á adquisición de hábitos e técnicas de traballo en educación infantil.		
	Potenciación do proceso educativo	Analizar as posibilidades de internet e dos recursos dixitais. Usos e bos hábitos.	Páxinas web	

		Avaliación do proceso formativo	Realizar a avaliación do grupo e as avaliacións a nivel individualizado (nivel de desenvolvemento e aprendizaxes adquiridos).	Modelo de rexistro
		Avaliación do proceso formativo	Comunicación dos resultados ás familias (de forma periódica ou circunstancial se fose necesario).	Entrevistas titor/a - familias
		Coordinación con outros profesionais ( especialistas, apoio, orientador, EOE, servizos sociais...)	Intercambio de información; coordinación de metodoloxía e actuacións.	Reunións e entrevistas pertinentes
		Avaliación do propio PAT	Realiza-la avaliación das actividades desenvolvidas.	Reunións e entrevistas pertinentes
			Xornada de convivencia co alumnado interetapa.	

**DESENVOLVEMENTO DO P.A.T. EN EDUCACIÓN PRIMARIA (1º E 2º)**

<b>Temporalización</b>		<b>Bloques temáticos/ temáticas</b>	<b>Actividades tipo</b>	<b>Recursos materiais e humanos</b>
1º trimestre	Ao comenzo do curso.	Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).	Reunións co profesorado anterior (se fose posible) e co orientador.	
		Acollida (ás familias).	Reunión colectiva coas familias por aula.	Guión da reunión e materiais de apoio.
		Acollida (ao alumnado).	Revisión do expediente.	Expedientes do alumnado.
		Acollida (ao alumnado).	Presentación do/da titor/a.	Plan de Accollida.
		Acollida (ao alumnado).	Recepción do alumno.	Plan de Accollida.
		Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).	Avaliación inicial.	Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).

		Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).	Actividades de integración no grupo.	En carpeta de actividades titoriais.
		Organización do grupo clase	Actividades de organización e funcionamento da clase: horarios, responsables, grupos, normas, quendas, . Explicación do N.O.F.C e Plan evacuación	Horario. -Modelo de acta para a elección de responsables. -Normas da clase. Carpeta de actividades titoriais (actas titorias, xustificación faltas, incidencias)
		Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).	Observación sistemática.	Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).
		Potenciación do proceso educativo.	-Actividades de intervención psicopedagóxica en relación coas necesidades educativas detectadas.	Materiais do D.O.
		Reflexión	Modelo de guión a seguir	Reflexión

		conxunta da marcha da clase cos alumnos.	na reunión co alumnado.	conxunta da marcha da clase cos alumnos.
		Burocracia da avaliación.	Normativa vixente	Burocracia da avaliación.
		Organización do grupo-clase.	Actividades de acollida e integración.	Carpeta de actividades titoriais. ( material elaboras;do polo D.O)
		Organización do grupo-clase.	Actividades de organización do grupo.	Carpeta de actividades titoriais. ( material elaboras;do polo D.O)
		Organización do grupo-clase. Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	Actividades para desenvolver a autoestima.	Carpeta de actividades titoriais. ( material elaboras;do polo D.O)
		Desenvolvemento e adaptación	Actividades para desenvolver habilidades	Carpeta de actividades

		persoal, escolar e social	sociais.	titoriais. ( material elaborado polo D.O)
		Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	Actividades para desenvolver a identidade sexual.	Carpeta de actividades titoriais. (material elaborado polo D.O)
		Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	Actividades para desenvolver identidade de xénero.	Carpeta de actividades titoriais. ( material elaborado polo D.O)
		Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	Actividades para tratamento e resolución dos conflitos.	Carpeta de actividades titoriais. ( material elaborado polo D.O)
			-Reflexión sobre o traballo realizado e a distribución dos apoios	Idema que na 1º avaliación
			-Valoración sobre a	Materiais para a

			consecución e adquisición de obxectivos e normas.	avaliación da competencia curricular
			-Burocracia da avaliación.	
			Comunicación dos resultados da avaliación ás familias. Contactos coas que se considere necesario.	Reunións e entrevistas pertinentes.
		Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).	Intercambio de información; coordinación de metodoloxía e actuacións.	Reunións e entrevistas pertinentes.
Ao longo de todo o curso		Acollida (ás familias).	Reunións periódicas	Guión da reunión e materiais de apoio.
		Acollida (ás familias).	Informacións periódicas.	Notas informativas.
		Coñecemento do grupo-clase (a nivel individual e a nivel colectivo).	Reunións de tutoría.	Modelo de guión para as reunións do grupo.
		Comunicación dos resultados da avaliación ás familias.	Boletín para a comunicación dos resultados ás familias.	Comunicación dos resultados da avaliación ás familias.
	Contactos cos pais, cando	Entrevista da persoa titora coas familias.	Contactos cos pais, cando	

	corresponda, para solicitarlles a súa colaboración no apoio.		corresponda, para solicitarlles a súa colaboración no apoio.
	Posta en marcha das medidas de reforzo individual en relación coa avaliación realizada.	Material didáctico de reforzo ( se se considerase necesario) Plan xera de atención á diversidade	
		Comentario do desenvolvemento do PAT no ciclo.	
		Analizar as posibilidades de internet e dos recursos dixitais. Usos e bos hábitos.	

### DESENVOLVEMENTO DO P.A.T. EN EDUCACIÓN PRIMARIA (3º e 4º)

<b>Temporalización</b>	<b>Bloques temáticos/ temáticas</b>	<b>Actividades tipo</b>	<b>Recursos materiais e humanos</b>
1º trimestre	Acollida (ao alumnado).	Revisión do expediente.	Expediente do alumnado (secretaría)
		Reunión co profesorado anterior (se fose	Análise dos resultados e dinámicas de grupo no 1º ciclo.

		posible) e co orientador/a.	
		Presentación do/da titor/a.  Recepción dos alumnos/as.	Plan de acollida
		Actividades de organización. e funcionamento da clase: horarios, responsables, grupos, normas, quendas, ...	Carpeta titoría
		Actividades de integración no grupo	Anexo material titoría
		Avaliación inicial.	Modelos elaborados por nivel.
	Acollida (ás familias).	Reunión colectiva coas familias.	Guión da reunión e materiais de apoio.

			-Extracto do N.O.F  -Notas informativas
		<p>Actividades de coñecemento dos dereitos e deberes propios da etapa (no 4º nivel).</p> <p>-Lectura e comentario do NOF e plan evacuación (no 4º nivel).</p>	<p>Normas clase</p> <p>NOF</p> <p>Plan evacuación</p>
		<p>Actividades de intervención psicopedagóxica en relación coas necesidades detectadas.</p>	<p>Modelo do Departamento e orientación</p>
		<p>Avaliación inicial XADE</p>	<p>Items acordados en reunión de claustro.</p>

		Burocracia da avaliación.(XADE)	XADE
		Sesión de avaliación co equipo docente e representante de orientación e equipo directivo.	Acta de avaliación.
		Avaliación conxunta da marcha da clase cos alumnos.	Normativa vixente (calendario escolar)
		Comunicación dos resultados da avaliación ás familias. Contactos cos pais, cando corresponda, para solicitarlles a súa colaboración no apoio	Boletín trimestral. Notas informativas. Reunión titor-familias.
		Posta en marcha das medidas de reforzo individual en relación coa	Material didáctico de reforzo. Plan atención á diversidade.

			avaliación realizada.	
			Analizar as posibilidades de internet e dos recursos dixitais. Usos bos hábitos e.	Páxinas web Correo electrónico.
2º trimestre			Comentario do desenvolvemento do PAT no 2º ciclo.	Reunión de ciclo
			Ídem que no 1º trimestre	
3º trimestre			Ídem que no 1º trimestre	
Ao inicio de 3º e remate de 4º curso	Coñecemento do grupo clase ( a nivel individual e a nivel colectivo)		Intercambio de información coordinación de metodoloxía e actuacións  Informes	Probas estandarizadas, materiais avaliación competencia curricular
En calquera			Reunións de tutoría.	Anexo modelo acta reunión

momento do curso		Actividades de acollida e integración. ( en caso de alumnado de nova incorporación)	Plan acollida
		Avaliación do desenvolvemento do PAT no 2º ciclo.	Reunión de ciclo

### DESENVOLVEMENTO DO P.A.T. EN EDUCACIÓN PRIMARIA (5º e 6º)

Temporalización	Bloques temáticos/ temáticas	Actividades tipo	Recursos materiais e humanos
1º trimestre	Acollida (ao alumnado).	Revisión do expediente.	Expediente do alumnado (secretaría)
		Reunión co profesorado anterior (se fose posible) e co orientador/a.	Análise dos resultados e dinámicas de grupo en 3º e 4º.
		Presentación do/da titor/a. Recepción dos alumnos/as.	Plan de acollida
		Actividades de	Carpeta titoría

	organizac. e funcionamento da clase: horarios, responsables, grupos, normas, quendas, ...	
	Actividades de integración no grupo	Anexo material titoría
	Avaliación inicial.	Modelos elaborados por nivel.
	Coñecer os problemas que orixina o alcoholismo, as drogas e os perigos da internet	Materiais da Xunta Plan director
Acollida (ás familias).	Reunión colectiva coas familias.	Guión da reunión e materiais de apoio. -Extracto do N.O.F -Notas informativas
	Actividades de coñecemento dos dereitos e deberes propios da etapa (no 5º e 6º nivel). -Lectura e comentario do NOF e plan evacuación (no 4º nivel).	Normas clase NOF Plan evacuación
	Activid. de intervención	Modelo do Departamento e orientación

		psicopedagógica en relación coas necesidades detectadas.	
		Avaliación inicial XADE	Items acordados en reunión de claustro.
		Burocracia da avaliación.(XADE)	XADE
		Sesión de avaliación co equipo docente e representante de orientación e equipo directivo.	Acta de avaliación.
		Avaliación conxunta da marcha da clase cos alumnos.	Normativa vixente (calendario escolar)
		Comunicación dos resultados da avaliación ás familias. Contactos cos pais, cando corresponda, para solicitarlles a súa colaboración no apoio	Boletín trimestral. Notas informativas. Reunión titor-familias.
		Posta en marcha das medidas de reforzo individual en relación coa avaliación realizada.	Material didáctico de reforzo. Plan atención á diversidade.
		Analizar as posibilidades de	Páxinas web Correo electrónico.

		internet e dos recursos dixitais. Usos bos hábitos e.	
2º trimestre		Comentario do desenvolvemento do PAT en 5º e 6º	Reunión de ciclo
		Ídem que no 1º trimestre	
3º trimestre		Ídem que no 1º trimestre	
	Coñecemento do grupo clase ( a nivel individual e a nivel colectivo)	Actividades de coñecemento da nova etapa educativa e do centro onde a cursarán ( alumnado de 6º nivel)	Plan de Promoción á ESO (PPESO) e materias de apoio
A inicio de 3º e remate de 4º curso	Coñecemento do grupo clase ( a nivel individual e a nivel colectivo)	Intercambio de información coordinación de metodoloxía e actuacións - Informes	Probas estandarizadas, materiais avaliación competencia curricular
En calquera momento do curso		Reunións de tutoría.	Anexo modelo acta reunión
		Actividades de acollida e integración. ( en caso de alumnado de nova incorporación)	Plan acollida
		Avaliación do desenvolvemento do	Reunión de ciclo

		PAT en 5º e 6º	

## 6- ASPECTOS METODOLÓXICOS.

Con carácter xeral tanto en infantil como en primaria a estratexia a seguir por parte do profesorado é a de actuar como facilitadores: en relación coas familias, facilitadores da comunicación co centro; en relación co alumnado, facilitadores dos procesos de aprendizaxe previstos; en relación ao equipo docente, o profesorado titor debe ser o facilitador do traballo cooperativo e colaborativo entre os seus compoñentes, actuando como persoa coordinadora do grupo.

O obxectivo é traballar cara a consecución dunha escola inclusiva a través das propostas recollidas a partir do [Deseño universal aprendizaxe \(UNESCO\)](#).

Para iso poñeremos en práctica, en función das necesidades das aulas, niveis e alumnado, as metodoloxías didácticas descritas a continuación:

1. **Aprendizaxe baseada en proxectos:** supón a mellor garantía didáctica para a contribución ao axeitado desenvolvemento das competencias clave e á aprendizaxe dos contidos do currículo. Permite ao alumnado a adquisición dos coñecementos e das competencias clave precisas a través da elaboración de proxectos que dan resposta a problemas da vida real.
2. **Aprendizaxe e Servizo (ApS):** combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun único proxecto ben articulado no que se traballa sobre necesidades reais da contorna co fin de melloralas, tendo en conta tres elementos clave como son a necesidade social claramente identificada, o servizo real á comunidade e a aprendizaxe de contidos, valores, competencias... ligadas ao currículo. Os ámbitos nos que se pode deseñar unha acción de ApS son variados e abarcan dende a promoción da saúde, a conservación do patrimonio ou do medio ambiente, relacións interxeneracionais, etc. Esta metodoloxía de traballo supón tamén o contacto e a cooperación necesaria con entidades sociais que traballen no ámbito escollido. O punto de partida sempre debe estar ligado ao contexto de cada centro e a detección dunha necesidade real, a planificación dun proxecto que implique o contacto coas

entidades sociais e a programación dun servizo así como a previsión das aprendizaxes a realizar e a súa avaliación.

3. **Aprendizaxe cooperativa:** a súa principal característica é a estruturación en base á formación de equipos, de entre 3 e 6 participantes. Cada un deles asume unha responsabilidade que lles permite interactuar e traballar de xeito coordinado para acadar os compromisos e obxectivos, individuais e colectivos, previamente determinados.
4. **Aprendizaxe colaborativa:** a diferenza da anterior é o propio alumnado quen estrutura as interaccións e organiza o traballo. A relación fundaméntase no compromiso persoal e na vontade de participar.

### **Modelos de ensino**

Jose Moya e F. Luengo, en “Teoría y práctica de las competencias básicas”, cando falan de modelos de ensino, pretenden describir os ambientes onde o alumnado actúa e aprende, describindo 4 modelos:

1. **Modelo condutual:** baseado na modificación da conduta do alumnado segundo o éxito na realización das tarefas.
2. **Modelo cognitivo:** centrado na obtención e organización da información mediante procesos internos, sempre coa axuda e interacción entre os e as compañeiros e compañeiras.
3. **Modelo social:** centrado na natureza social do alumnado, en como a interacción social pode mellorar a aprendizaxe académica e en xerar condutas integradoras e democráticas.
4. **Modelo persoal:** axuda ao desenvolvemento persoal, mental e emocional, a considerar a cada estudante de xeito individual, axudando a mellorar a creatividade e a expresión persoal.

### **Modelos de Pensamento**

Os anteriores autores, Jose Moya e F. Luengo, propoñen 9 modelos de pensamento, que son os que se empregarán ao longo das UDIs:

1. **Modelo reflexivo:** permite tomar conciencia do propio estilo de pensamento e ordenar as ideas.

2. **Modelo analítico:** supón representar a realidade a través de categorías claramente diferenciadas e homoxéneas, establecendo semellanzas e diferenzas entre as mesmas.
3. **Modelo lóxico:** é aquel que xera e ordena as ideas partindo das xa existentes, seguindo regras precisas de razoamento e argumentación.
4. **Modelo crítico:** interésase polos fundamentos das ideas, accións, valoracións, xuízos...co fin de enfrontarse á realidade e formular interrogantes.
5. **Modelo analóxico:** é a procura constante de similitudes entre situacións que nun principio son diferentes así como busca diferenzas entre situacións que son similares, establecendo conexións entre os mundos visibles e invisibles que amosen as súas semellanzas.
6. **Modelo sistémico:** camiño polo cal se accede á realidade complexa, á realidade que non se pode reducir nas súas partes, a aquelas realidades que desaparecen cando son fragmentadas.
7. **Modelo creativo:** aquel que opera con ideas e busca ideas novas, é o pensamento da posibilidade.
8. **Modelo deliberativo:** supón a adopción de decisións utilizando criterios e valores e non un cálculo lóxico.
9. **Modelo práctico:** permite encadear accións para resolver determinadas situacións empregando información previa, datos, documentos...

## 7- AVALIACIÓN

A avaliación do PAT considerámola como un proceso contínuo, que se nutre das aportacións sobre a finalidade das diferentes aportacións sobre a funcionalidade dos distintos materiais, e dos momentos mais axeitados para a súa posta en funcionamento.

Procuraremos unha avaliación dos procesos eminentemente cualitativa na que participen as todas as persoas implicadas.

A avaliación global do PAT realizarase de forma continua e sistemática; avaliaremos o funcionamento das actividades propostas así como os obxectos formulados.

Será unha avaliación formativa ao longo do curso nas reunións de niveis e comisión pedagóxica, onde se introducirá a avaliación sumativa que ao final do curso permitirá determinar se foron acadados os obxectivos se se a súa temporalización foi axeitada, a través de cuestionarios e da reflexión conxunta sobre o grado de consecución dos mesmos.

Así o resultado desa avaliación terase en conta para a elaboración do PAT do seguinte curso tendo en conta as novas necesidades que se plantexen.

Polo tanto este P.A.T é aberto e flexible para acoller os cambios que se produzan.

A avaliación levarémola a cabo en dous momentos diferenciados:

1- Avaliación continua realizada durante a posta en marcha das actividades, permitindo a modificación daquelas actividades que resulten en algunha medida inadecuadas.

2- Por outra banda deberá realizarse unha avaliación final ao rematar o período escolar.

Esta avaliación sumativa realizarase necesariamente en dous niveis claramente diferenciados:

a) Por parte dos participantes ( profesorado, familias e alumnado)

Familias: informarán sobre o nivel xeral de atención ao alumnado, o grado de satisfacción respecto a acción educativa do centro, o nivel de comunicación co centro e a claridade da información facilitada.

Alumnado: proporcionará información sobre a calidade da atención recibida, o clima acolledor do centro e a facilidade de establecer comunicación co profesorado, entre outras variables.

Profesorado: entre aquelas persoas directamente implicadas na acción tutorial e as que participan dentro do que consideramos actividade orientadora de centro.

b) Por parte do Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

**Instrumentos de avaliación :**

- Cuestionarios
- Debates-reunións
- Enquisas.

**Criterios de avaliación:**

- Grado de consecución de obxectivos e das competencias clave.
- Relevancia dos contidos
- Adecuación das actividades para lograr as competencias clave e cumprimento das mesmas.
- Adecuación e utilidade dos materiais de titoría seleccionados, así como interese que despertaron entre o alumnado.
- Grado de coordinación entre a persoa titora e o resto do equipo educativo de cada grupo e de implicación do equipo docente.